



Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta diante do Pleno da Corporación en relación cun **recheo a carón da ponte do río Sanchanás en Artes**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**


Na parroquia de Artes, a carón da ponte sobre o río Sanchanas, á dereita da estrada en dirección Corrubedo, estase a realizar unha obra de recheo nunha braña. Neste punto da estrada e pola súa parte inferior, discorre un regato que na actualidade está canalizado con catro tubos. Nin que dicir ten que esta canalización responde ós frecuentes anegamentos que sofre este lugar. Como consecuencia do recheo que se menciona, as tubaxes están sendo obstruídas, o que causa preocupación na cidadanía veciña dado que desta actuación se poderían derivar posteriores anegamentos e polo tanto danos en fincas e vivendas lindeiras.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG, presenta a seguinte

### **PREGUNTA**

- 1.- Conta o recheo mencionado na exposición de motivos ca correspondente autorización do Goberno Municipal?
- 2.- De ser positiva a resposta anterior, conta tamén a actuación cos correspondentes permisos das administracións competentes na materia (Augas de Galiza)?
- 3.- De non ter as autorizacións preceptivas indicadas nas preguntas anteriores, que medidas pensa tomar o Goberno Municipal para restablecer a legalidade vixente e evitar males maiores?

Ribeira, 6 de Xuño de 2008



Asdo.: Xosé Luís Groveiro González

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RIBEIRA**